



## O GALO PICÓN

Por: José Taboada García

E a nosa terra galega, terra de moitas tradicións e costumes. O motivo non se sabe certamente, tal vez se deba ao noso illamento en tempos pasados, á nosa idiosincrasia, ao noso pasado cultural, e por que non tamén?, por facernos algo diferente aos demás pobos.

Unha das cousas que sempre se mesturaron foron os actos festivos e os relixiosos, ou sexa, as misas e as festas.

A mañá para o clero e a noite para o pobo, pois era costume facer romaría con música, baile e improvisados bares, deste xeito todos ledos.

Moitas destas romaría facíanse en carballeiras cristianizadas, é dicir, carballeiras nas que se fixo unha ermida, lugares nos que os nosos antepasados celebraban cultos pagáns, e mesmamente se xuntaban nas noites de luar para trataren asuntos de interese para a comunidade.

O día do Santo Patrón da ermida, despois da misa cantada por tres ou máis cregos engalanados con roupa de festa e na que se pasaba bandexa:

- Devotos de San Antón !
- Dicía o bandexeiro –

Era tamén costume que, aos santos más milagreiros, os paisanos lles levaran ovos, pitos, galos, galiñas, años....

Á saída da misa, o bandexeiro, despois de entregar a bandexa coa correspondente recadación, era tamén o encargado de poxar os animais ofrendados ao santo.

Eran uns verdadeiros artistas, mesmamente parecían vendedores de feira, dun pito facían un galo, dun año un carneiro, dun poldro un cabalo...

A poxa comezaba de abaxo arriba, quedándose con ela o mellor ofertante, ou sexa, o que máis subía, coma no "Tour de Francia".

Así foi como chegou as mans de Pedro o Galo Picón, polo módico prezo de dez euros.

Xa camiño da súa casa non paraba de darlle voltas á cabeza, pois non as tiña todas consigo:

- Se o levo ao mellor teño liorta coa muller!
- Con dez euros aínda da para uns viños!

Decidiu revender a mercadoría. Nada mellor sitio para intentalo que probar no bar Loureiro. Pasou por diante, aproveitando que era a hora dos viños e o bar atopábase ben de clientes – raposo el -, saudounos a todos levantando a man na que portaba o galo:

- Que levas aí? – Díxenlle eu –

- O galo de San Antón! – Respostou –

- Este é bo para vós? – Dixo polo baixo –

Estabamos alí os catro amigos de sempre, mirámonos uns para os outros:

- Que vos parece se o mercamos? – Asentiron –

- Canto pides?

- Dez euros, por ser para vós, o mesmo que me custou.

Pagámoslle os dez euros, meteunos no peto e foise marchando como se levase presa.

O galiño acabou no galiñeiro de Lucho para que medrase e engordase.

Aí comezou o noso calvario!

Levou o animal más vinte euros para comprarlle penso. Pasou un mes e volveu a pedirnos outros vinte esta vez para millo.

Preguntámoslle como ía de grande e respostounos poñendo as mans separadas uns vintecinco centímetros – Non medrara nada!

Ao mes seguinte, a mesma historia, máis cartos para más comida e o galo sen medrar.

Xa ao cabo de catro meses e cando íamos polos noventa euros de gasto, decidimos en asemblea, que había que meterlle o dente.

Mandámoslle matar, non sen antes anestesialo con un trago de ron do Caribe para que non sufrise. Paco o Velas fixo de mestre de ceremonias. Díolle como o tiña que desplumar, limpar, telo dous días no conxelador para que a carne abrandase....

Chamámolo e pedímoslle o galo e, ao ver que viña sen nada:

- Está iso listo? – Pregunteille –
- E, e, e! – Foi a resposta –
- Pero a ver! ¿Está ou non?
- E, e, e,..., que a miña muller botouno no cocido.

Miramos uns para os outros e botamos unha gargallada. Iso si, pagou unha botella de viño do caro.

E así remata a historia deste Galo Picón que foi vendido e revendido o día de San Antón.

Mercouse como Polo Picantón, cando en verdade era un Quirico moi lambón.

Ia a ser estufado, ía a ser asado e acabou nun cocido, iso si, ben preparado.